

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9/06/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Expediente adxudicación definitiva Servizo de Alumeado e instalacións municipais.-
- 3º.- Expediente adxudicación definitiva Contrato Menor Obra Ampliación Camiños Xunta de Galicia.-
- 4º.- Expediente contratación Obras Plan Cooperación Municipal 2016.-
- 5º.- Expediente contratación Obra Convenio Diputación Provincial 2016.-
- 6º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **18:00** horas do día **9/06/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 26 de Maio de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Expediente adxudicación definitiva Servizo de Alumeado e Instalacións municipais.-

Examinado o expediente tramitado mediante procedemento negociado sen publicidade co motivo da Contratación do Servizo de Mantemento, Conservación, reparación e aforro e eficiencia enerxética das Instalacións eléctricas dos edificios e dependencias municipais cun presuposto de licitación por importe de Corenta mil euros (40.000,00 €) e un Imposto sobre o Valor Engadido de Oito mil catrocentos euros (8.400,00 €) en base ó prego de Cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobado no seu día por esta Xunta na sesión celebrada o día 18 de Febreiro de 2016,

Resultando que por parte da Empresa Marcelino González Estévez, foi presentada a documentación xustificativa de encontrarse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, coa seguridade social, garantía definitiva así como a demais documentación prevista na Cláusula 2.3.4 do Prego de Clausulas Administrativas,

Unha vez acreditada, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente a prestación do servizo en cuestión en favor de Marcelino Gonzalez Estevez, polo periodo dun Ano contado a partir do día seguinte ó da formalización do contrato nun importe de Trinta e nove mil cincocentos oitenta e seis euros con setenta e oito céntimos (39.586,78 €) e Oito mil trescentos trece euros con vinte e dous céntimos (8.313,22 €) do imposto sobre o Valor Engadido, que supón unha baixa de Cincocentos euros (500,00 €) en relación co tipo de licitación.-

2º.- Facer saber ao adxudicatario que deberá formalizar o oportuno contrato administrativo para con esta Corporación, non máis tarde dos quince días hábiles (15) seguintes a aquél en que reciba a notificación deste acordo.-

Asimesmo notificaráse os licitadores presentados publicándose no Boletín Oficial da Provincia ós efectos legalmente establecidos.

3º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente, para que no nome e representación desta Corporación, proceda á sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

3º.- Expediente adxudicación definitiva Contrato Menor Obra Ampliación Camiños Xunta de Galicia.-

Examinado o expediente tramitado mediante contrato menor para adxudicación da Obra denominada "Ampliación e mellora de camiños municipais: Calcoba, A Insua e San Martiño de Abaixo " cun presuposto total de Corenta mil euros (40.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó Anteproxecto redactado ó efecto e con Subvención outorgada por parte da Dirección Xeral de Administración Local e ,

Vistas as ofertas presentadas polos licitadores requeridos e presentados dentro do prazo indicado, resulta o seguinte :

DENOMINACIÓN	OFERTA	IVE	BAIXA
Búa Construcciones y Servicios S.L.	24.702,48 €	5.187,52 €	10.110,00 €
Construcciones y Obras Andujar_S.L.	30.413,22 €	6.386,78 €	3.200,00 €
Hnos Meijide S.C.	26.999,35 €	5.669,86 €	7.330,79 €

Seguidamente a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda:

1.- Adxudicar dita Obra en favor da Empresa Búa Construcciones y Servicios S.L. con CIF B70355615 e domicilio social na localidade de Senra s/n do Termo Municipal de Dumbria, Código Postal 15151 nun importe total de Vinte e nove mil oitocentos noventa euros (29.890,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido ó tratarse da proposta económica mais vantaxosa, dado que supón unha baixa de Dez mil cento dez euros

(10.110,00 €) en relación co tipo de licitación tal e como queda acreditado no expediente e de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Notificar dito acordo o adxudicatario facéndolle saber que ditas obras deberán comenazar no prazo de Quince días hábiles seguintes ó da comprobación do rebrantexo baixo a Dirección da Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación. -

3.- Facultar o Sr. Alcalde para que no nome e representación proceda a sinatura de todos e cantos documentos sexan necesarios para a execución deste acordo.-

4º.- Expediente contratación Obras Plan Cooperación Municipal 2016.-

Á vista da Circular procedente da Excma Diputación Provincial sobre aprobación do Plan Provincial de Cooperación Municipal ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Iniciar expediente para a contratación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Mellora do Camiño a Insua-Fisterra " cun presuposto de Setenta e cinco mil oitocentos noventa euros (75.890,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó prego de Clausulas administrativas aprobadas polo citado Organismo Provincial e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 3 de data 7 de Xaneiro de 2016.-

b) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de dez días hábiles (10) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo.-

5º.- Expediente contratación Obra Convenio Diputación Provincial 2016.-

Á vista do Convenio de colaboración aprobado pola Excma Diputación Provincial en favor deste Concello, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

a) Iniciar expediente para a contratación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Reforma de Infraestructuras en San Martiño de Arriba-Fisterra " cun presuposto de Coarenta e oito mil euros (48.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó prego de Cláusulas administrativas aprobadas polo citado

Organismo Provincial e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 3 de data 7 de Xaneiro de 2016.-

- b) Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños" para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de dez días hábiles (10) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo.-

6º) Asuntos varios.

VENDA AMBULANTE

- RENOVACION ANUAL 2016 (2º TURNO)

Vistos os expedientes individuais iniciados coa finalidade de renovar os postos que se ocupan na venda ambulante deste concello para o ano 2016, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º) Acceder ao solicitado polas persoas interesadas e conceder autorización para realizar a venda ambulante neste concello durante o ano 2016, ás persoas que de seguido se indican:

NUM/ MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
1/ 10 MTS	FERRERUELA JIMENEZ, Concepción	Santiago	663.2 TEXTIL
6/ 7 MTS	SANTOS LEMA, Francisco	Camariñas	663.2 TEXTIL
7/ 8 MTS	SANTOS LEMA, Francisco	Camariñas	663.2 TEXTIL
11/ 8 MTS	BLANCO LEMA, José	Arteixo	663.2 TEXTIL
16/ 10 MTS	RODRIGUEZ GONZALEZ, Antonio	Carballo	663.9 MERCADURIAS
17/ 7 MTS	VAZQUEZ RABUÑAL, Albina	Santa Comba	663.2 TEXTIL
21/ 4 MTS	BOOK DIOM SOCIEDADE COOP GALEGA F-70.064.308 DAME DIOP, Medou	A Coruña	663.2 TEXTIL 663.9 MERCADURIAS
22/ 7 MTS	DIOS GONZALEZ, Isidoro	Cee	663.2 TEXTIL
24/ 6 MTS	PASEO MARITIMO DE LA CORUÑA, S.C. FERNANDEZ FERNANDEZ, Rubén	Milladoiro (AMES)	663.2 TEXTIL
33/ 8 MTS	MOUMNI BELAIDI, Soumia	Arteixo	663.2 TEXTIL
35/ 10 MTS	LOUGZILLI RIDA, Jillali	A Baña	663.2 TEXTIL

37/ 6 MTS	GITANA RIA DE AROSA, SDAD. COOP. ROSILLO FERRERUELA, José Luís	Santiago	663.2 TEXTIL
39/ 8 MTS	AVDA DE LEON, SDAD. COOP. F-24.524.373 ROSILLO JIMENEZ, Juan Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
40/ 8 MTS	PASEO MARITIMO CORUÑA, S.C. JIMENEZ DE LEON, Mª. Purificación	Milladoiro - AMES	663.2 TEXTIL
44/ 6 MTS	MARANATA, S.C.L. F-49.125.487 FERRERUELA FERNANDEZ, Enrique	Santiago	663.2 TEXTIL
47/ 6 MTS	PASEO DEL ORZAN LA CORUÑA, S. C. F-70.125.000 JIMENEZ SILVA, Eva María	Santiago	663.2 TEXTIL

2º) Notificar este acodo ás persoas interesadas para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poidan interpoñer.

ALTAS - ANO 2016

A) A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Conceder posto para realizar a Venda Ambulante nesta vila para o ano 2016 as persoas que de seguido se indican:

NUM MTS	INTERESADO DNI/CIF/NIE	DOMICILIO	ACTIVIDADE
	FERNANDEZ FERNANDEZ, Ramón	Santiago	663.2 TEXTIL
	RIAL OZORES, Juan Santiago	Dumbria	663,2 TEXTIL
	JIMENEZ BORJA, Beatriz	Milladoiro - AMES	663,2 TEXTIL
	ESCUDERO DURILLO, Mónica	Santiago	663.9 MERCADURIAS
	SATZLER, Klaus Willi	Arteixo	ALIMENTACIÓN

2º) Notificar este acordo aos interesados para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LISTA DE ESPERA

A) Vista a solicitude presentada co número 1185 (RE) de 28/4/2016 pola Asociación Cultural de Indígenas INTI-RAYMI, con CIF: G-95.448.643, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse de produtos de artesanía, bisutería, textil, complementos, etc.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante co número 79, para adicarse á venda de produtos de artesanía, bisutería, textil, complementos, etc.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

LISTA DE ESPERA ALIMENTACIÓN

A) Vista a solicitude presentada co número 1337 (RE) de 10/5/2016 por Marcos Varela Caamaño, veciño da localidade de Santiago, na que solicita un posto na venda ambulante para adicarse á venda de fruta (cereixas).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Incluílo na lista de espera da venda ambulante de alimentación co número 24, para adicarse á venda de fruta (cereixas).

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

OCUPACIÓN DE VIA PUBLICA - TERRAZAS

Visto expediente iniciado co número **734** (RE) de **15/3/2016** a nome de **Fernando Miguel López Velay**, no que solicita autorización para a ocupación 15 m2 da vía pública para colocar mesas e cadeiras na Praza da Cerca desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “Restaurante Casa Velay” e que se localiza nesa zoa, durante o período que vai do 1/4 ao 30/9/2016.

Deixando a salvo o dereito da propiedade, e sen prexuízo de terceiros, de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, e despois de ver o informe técnico urbanístico en sentido favorable, esta alcaldía, acorda:

1º Acceder ó solicitado por Fernando Miguel López Velay, e concederlle licenza para ocupar 15 m2 da vía pública para colocar mesas e cadeiras na Praza da Cerca desta vila, para dar servizo de tempada ao establecemento público que rexenta denominado “Restaurante Casa Velay” e que se localiza nesa zona, durante o período que vai do 1/4 ao 30/9/2016.

2º Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de trescentos euros (300,00 €), en concepto do Imposto sobre a taxa pola ocupación de vía pública prevista na ordenanza fiscal reguladora.

3º Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos.

LICENZAS DE APERTURA - TRANSMISIÓN DE LICENZAS

A) Visto o expediente iniciado co número 1050 (RE) de 15/4/2016 por Carlos Manuel Lagoa Quinteiro, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da rúa Federico Avila desta vila.

CONSIDERANDO: Que por resolución da alcaldía de 16/3/1990 concedíulle licenza definitiva de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da rúa Federico Avila desta vila a favor de José Manuel Sánchez Iglesias.

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre José Manuel Sánchez Iglesias e Carlos Manuel Lagoa Quinteiro.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Carlos Manuel Lagoa Quinteiro, licenza de apertura de “hotel” que se localiza na edificación da rúa Federico Avila desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

B) Visto o expediente iniciado co número 1680 (RE) de 8/6/2016 por Fernando Insua Insua, no que solicita a transmisión ao seu favor da licenza de apertura de “restaurante 1 garfo” que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira desta vila.

CONSIDERANDO: Que a Xunta de Goberno Local na sesión que celebrou o pasado 8/8/2013 concedíulle licenza definitiva de apertura de “restaurante 1 garfo” que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira desta vila a favor de LORCA, S.C..

CONSIDERANDO: Que no expediente consta a comunicación de transmisión de licenza asinada entre Rosa María Fernández López en representación de LORCA S.C., e Fernando Insua Insua.

Por todo iso, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

1º) Acceder ao solicitado polo interesado e conceder a Fernando Insua Insua, licenza de apertura de “restaurante 1 garfo” que se localiza no baixo da edificación do Paseo da Ribeira desta vila.

2º) Comunicar este acordo á Dirección Xeral de Consumo da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e demais efectos, xunto cos recursos que contra este acordo poida interpoñer.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 19:45 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.